


AVALIACIÓN DA MATERIA Pilates aplicado a Fisioterapia 2009-10

OPCIÓN 1

Tipo de evaluación: evaluación sumativa final (examen teórico tipo test e examen práctico) + trabajo.

| | Porcentaxe | Puntos |
|-----------------|------------|--------|
| Examen teórico | 35% | 3.5 |
| Examen práctico | 35 % | 3.5 |
| Trabajo | 30 % | 3 |
| TOTAL | 100% | 10 |




Polo menos, para fazer media, @ alumn@ deberá acudar 1.4 puntos nos exames e 1.2 puntos no trabalho (equivalentes a un 4 na escala de 0 a 10 puntos)

Para saber algo más desta modalidade de evaluación, podedes ver a guía docente da materia, ben na plataforma de ensinanza virtual faiTIC (<http://fatic.uvigo.es/>), ben na páxina web do profesor (<http://webs.uvigo.es/gfuentes>).

OPCIÓN 2

Tipo de evaluación: evaluación continuada + examen práctico.

| | Porcentaxe | Puntos |
|---------------------|------------|--------|
| Evaluación continua | 75% | 7.5 |
| Examen práctico | 25 % | 2.5 |
| TOTAL | 100% | 10 |



Polo menos, para fazer media, @ alumn@ deberá acudar 3 puntos na evaluación continua (equivalentes a un 4 na escala de 0 a 10 puntos) e 0,75 puntos no examen práctico (é un 3 na escala de 0 a 10 puntos)

Qué hai que realizar nesta opción 2 de evaluación?

- Configurar o grupo de trabajo (de 3 a 5 persoas) e distribuír funcións entre o grupo, comezando por nomear un coordinador por grupo que será o referente para o profesor. Os membros que conforman o grupo deberán estar no mesmo grupo de prácticas.
- Cada semana haberá que presentar os apuntamentos teóricos e prácticos da semana anterior, así como 2 preguntas tipo test de resposta única por cada hora de teoría + 2 preguntas por cada sesión de prácticas.
- Cada semana haberá que valorar os apuntamentos e as preguntas tipo test presentados por outros grupos¹ en función duns criterios determinados (tamén empregará o profesor estes criterios). Os criterios para valorar os apuntamientos serán: os contidos, o estilo da presentación, a presentación de imaxes ou vídeos explicativos dos contidos e a entrega no prazo sinalado. E para as preguntas tipo test: claridade da pregunta, a existencia ou non dunha resposta única e a entrega no prazo sinalado. Ademais, o profesor tamén valorará esta función avaliadora dos distintos grupos (se seguen adecuadamente ou non os criterios propostos).
- Na segunda quincena de marzo, haberá unha pequena proba de evaluación sobre o trabalho elaborado ata ese momento. Para iso, elixirase ao azar a un dos membros do grupo, elección que se fará no momento de ter que contestar este proba (farase ao final dunha das sesións de prácticas e a cualificación acadada polo representante de cada grupo é a que terá o resto do grupo). Na primeira quincena de maio haberá outra

¹ Avaliaranse tantos grupos como número de componentes -1 do grupo avaliador.

pequena proba de avaliación en relación á materia impartida dende a proba anterior (a de marzo) e co mesmo método: elección ao azar da persoa do grupo que a debe contestar, acadando o grupo a cualificación que esta obteña ao respostar ao exame².

- Facer un traballo consistente nunha ampliación dunha parte dos apuntamentos e/ou análise dalgúns vídeos explicativos de exercicios de Pilates e/ou elaboración dunha sesión de Pilates para un grupo poboacional determinado (a cantidad de traballo dependerá do número de membros do grupo).
- Defensa, o día do seminario, do traballo de ampliación feito, da análise de vídeos e/ou da sesión de Pilates elaborada (sortearse tamén, cando se inicie o seminario, a persoa do grupo que procederá a facer a defensa). O traballo de ampliación e a análise dos vídeos, farase oralmente, mentres que a sesión de Pilates farase de forma práctica (o membro do grupo que a ten que defender dirixirá a sesión e os compañeiros de grupo farán os exercicios Pilates de que conste a sesión).

Estilo a seguir na presentación dos apuntamentos

1. Ben no encabezado, ben a pé de páxina, deberá figurar o nome completo d@/s alumn@/s responsable/es da entrega, o número de grupo que é, así como o número de entrega que corresponde. Deste xeito, os apuntamentos escribiranse dende a primeira páxina do texto entregado (véxase o “modelo” para os apuntamentos teóricos). As páxinas deben estar numeradas.
2. En canto ao estilo propiamente dito: establecerase espazo simple entre liñas, deixando un espazo en branco entre parágrafo e parágrafo; marxes de 2,5 cm na esquerda, dereita, arriba e abajo, e de 0,5 cm na encuadernación; empregarase letra tipo *Times New Roman* ou *Arial Narrow* a tamaño 12, ou ben *Comic Sans MS*, *Arial* ou *Verdana* a tamaño 10, e entregarase en formato word de xeito obligatorio. Os encabezados e pés de páxina faranse co mesmo tipo de letra empregado no texto, pero a tamaño 8 (*Times New Roman* ou *Arial Narrow*) ou 7 (*Comic Sans MS*, *Arial* ou *Verdana*). Tamén pódese observar cómo sería no “modelo” de apuntamentos teóricos.
3. Cada apartado dos apuntamentos vai en maiúsculas, negriña e numerado (con números arábigos). Entre apartados deberá deixarse un dobre espazo en branco. E no caso de existir subapartados, estes numeraranse con números arábigos (1.1., 1.2.,..., por exemplo) e irán en minúsculas e en negriña, deixando un espazo en branco respecto do parágrafo último do anterior subapartado.
4. No caso de empregar táboas, esquemas, imaxes, fotos,... que poidan facilitar unha mellor comprensión dos contidos ou que permitan presentar de forma más clara e/ou esquemática unha parte dos mesmos, estas deberán estar numeradas (táboa 1 ou figura 1, etc.), levar título e, no texto, indicar en qué punto do mesmo estaría incluída dita táboa ou dita figura. É moi importante que os contidos das táboas ou dos esquemas non repitan o texto redactado dos apuntamentos.
5. Para os apuntamentos da parte práctica, terase en conta o sinalado xa nos puntos anteriores referidos aos apuntamentos teóricos, así como os distintos apartados que se deben recoller ao describir cada un dos exercicios dados na práctica (véxase o exemplo de “ficha” de prácticas).

² Esta proba, ou exame, da que se está a falar, ainda que podería ser unha proba test en base ás propias preguntas elaboradas polos grupos, pódese modificar por aquela que se considere más oportuno tras acordo entre alumnado e profesor responsable da materia.

6. As preguntas tipo test deben ter unha redacción clara, que as respostas non dean lugar a dúbidas en canto a cal é a opción axeitada (4 opcións de resposta, unha única verdadeira).

Programación das entregas (evidencias para a avaliação continuada)

| DATA ³ | ACCIÓN | DATA ¹ | ACCIÓN |
|-------------------|---|-------------------|----------------------------|
| 17 de febreiro | Comunicación dos componentes do grupo. Indicación do coordinador do mesmo (nome, teléfono de contacto e enderezo-e). | 13 e 14 de abril | Entrega 7 (apuntamentos). |
| 23 de febreiro | Entrega 1 (apuntamentos). | 15 e 16 de abril | Entrega 7 (valoración). |
| 25 de febreiro | Entrega 1 (valoración). | 20 e 21 de abril | Entrega 8 (apuntamentos). |
| 2 e 3 de marzo | Entrega 2 (apuntamentos). | 22 e 23 de abril | Entrega 8 (valoración). |
| 4 e 5 de marzo | Entrega 2 (valoración). | 27 e 28 de abril | Entrega 9 (apuntamentos). |
| 9 e 10 de marzo | Entrega 3 (apuntamentos). | 29 e 30 de abril | Entrega 9 (valoración). |
| 11 e 12 de marzo | Entrega 3 (valoración). | 4 e 5 de maio | Entrega 10 (apuntamentos). |
| 16 e 17 de marzo | Entrega 4 (apuntamentos). | 6 e 7 de maio | Entrega 10 (valoración). |
| 18 e 19 de marzo | Entrega 4 (valoración). | 11 e 12 de maio | Entrega 11 (apuntamentos). |
| 23 e 24 de marzo | Entrega 5 (apuntamentos). | 13 e 14 de maio | Entrega 11 (valoración). |
| 24 e 25 de marzo | Proba 1. | 18 e 19 de maio | Entrega 12 (apuntamentos). |
| 25 e 26 de marzo | Entrega 5 (valoración). | 19 e 20 de maio | Seminarios + Proba 2. |
| 26 de marzo | Determinación do tipo e tema de traballo a realizar. | 20 e 21 de maio | Entrega 12 (valoración). |
| 6 e 7 de abril | Entrega 6 (apuntamentos). | 28 de maio | Exame práctico. |
| 8 e 9 de abril | Entrega 6 (valoración). | | |

Traballos e defensa dos mesmos (seminario)

Tal e como se indicou no punto anterior, a finais de marzo quedará determinado o traballo asignado a cada grupo. En relación a este aspecto, sinalar as seguintes consideracións:

- Os grupos conformados por 4 ou 5 membros, obligatoriamente, terán que facer unha ampliación dunha parte dos contidos da materia, ademais de, ben unha análise dalgúns vídeos explicativos de Pilates, ben a elaboración dunha sesión de Pilates para un grupo poboacional determinado.
- O profesor responsable da materia dará a coñecer na semana anterior (17-18 de marzo e a través da súa páxina web ou da plataforma de docencia virtual faiTIC) os temas que de inicio se poden seleccionar.
- Os grupos comunicarán, por orde de preferencia, os 3 temas sobre os que prefieren traballar. Esta comunicación farase a través de correo-e (a gfuente@uvigo.es).
- O profesor, tendo en conta ditas preferencias, así como a orde de comunicación, distribuirá os temas entre os grupos. A data límite para a comunicación dos respectivos temas de traballo a cada grupo será o 26 de marzo.
- Criterios a valorar: comunicarse a través de documentos adxuntos antes da selección dos traballos, e estarán vincellados ao traballo entregado en CD e á presentación feita para a defensa do mesmo (seminario).

³ No caso de indicar 2 datas, estas farán referencia aos prazos de entrega:

- A primeira data é para os que teñen a docencia práctica os **mércores**.
- A segunda data é para os que teñen a docencia práctica os **xoves**.

En tódolos casos, entregaranse as evidencias solicitadas antes das 10:00 a.m.

Avaliación continuada

A avaliación continuada terá una valoración dun 75% da cualificación global da materia. Estes 7,5 puntos máximos que se poden obter (dentro dunha escala de 0 a 10) distribúense da seguinte maneira⁴:

- Cada entrega: 0,35 puntos (hai 12 entregas). Notificarse tras cada valoración, a cualificación obtida.
- Proba de marzo: 0,5 puntos.
- Proba de maio: 0,5 puntos.
- Traballo presentado: 1,5 puntos.
- Defensa do traballo no seminario: 0,5 puntos.
- A criterio persoal do profesor: 0,3 puntos.

Exame práctico

- O exame práctico consistirá en facer 2 exercicios dun xeito práctico (elixidos ao azar pol@ alumn@ de entre os que se fixeron ao longo do cuadrimestre) e avaliar a realización dos 2 exercicios d@ compañeir@. Neste último caso, ademais, terá que introducir as correccións que considere oportunas. A duración total para facer os 4 supostos será de 8 min .
- Neste exame práctico cada erro (colocación durante o exercicio, colocación do paciente, non dar as indicacións precisas,...) descontaralle ao alumno 1 punto nunha escala de 0 a 10. Tamén descontará 1 punto nunha escala de 0 a 10 cada franxa de 2 minutos que se exceda no tempo de exame. Por outra parte, descontará 2 puntos cometer un erro grave (por exemplo, non ter en conta algúna compensación biomecánica). Finalmente, deixar un dos exercicios sen contestar ou errar na realización do exercicio facendo outro distinto ao que tocou, descontará 2,5 puntos nunha escala de 0 a 10.
- Para poder presentarse ao exame práctico, hai que presentarse primeiro ao teórico, no caso da avaliación sumativa, ou ter feito, cando menos, 8 das 12 entregas (se se optou pola avaliación continuada), ademais de ter exposto o traballo.
- Farase un sorteo público para determinar a partir de qué alumno da comezo o exame práctico.
Nel, @ alumn@:
 - Se optou por avaliación sumativa: para superar a materia, terá que acadar, polo menos, 1,75 puntos (corresponden a un 5 nunha escala de 0 a 10 puntos). En todo caso, e de cara a unha posible media co exame teórico e co traballo, non se pode acadar menos de 1,4 puntos.
 - En caso de optar pola avaliación continuada: para que a cualificación acadada no exame práctico se poida sumar á obtida nos outros apartados, @ alumn@ deberá acadar, polo menos, 0,75 puntos.

Outras observacións

A materia está incluída en faiTIC, na plataforma TEMA, sendo o cauce básico para o seguimento da mesma (Web: <http://fatic.uvigo.es/>). Tamén se pode consultar a páxina web do profesor para a información xeral sobre esta materia: <http://webs.uvigo.es/gfuentes>

Endereço do profesor: gfuente@uvigo.es

⁴ Notificarse tras cada valoración, a **cualificación** obtida.